

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 274/2014

En data 30.04.14 foron aprobados por Resolución de Alcaldía nº 154/2014 os Pregos de condicións que rexen a adxudicación do contrato de arrendamento na súa modalidade de aluguer social de finca urbana, mediante concurso, para o seu uso como vivenda, no termo municipal de Ponte Caldelas.

En data 04.07.14 procedeuse á apertura dos sobres A e requiríuselle ós interesados para que nun prazo de 3 días, presentasen o sobre B.

Nese prazo o interesado con nº de licitador 2101 desiste do procedemento. Os demais presentan o sobre B.

Dado que nos Pregos, na cláusula 6, establece que a apertura do sobre B), que se realizará en acto público, fixarase por Resolución de Alcaldía que se publicará no taboleiro de anuncios e perfil do contratante, por isto,

RESOLVO

Primeiro: A Mesa de contratación procederá, en sesión non pública, á apertura da documentación do sobre B, o día 18.07.14 ás 9:30 horas na Casa do Concello.

Segundo: Unha vez puntuadas as solicitudes, confeccionarase unha lista provisional na que constarán os admitidos coa súa puntuación correspondente, e os excluídos coa causa de exclusión. Os solicitantes poderán presentar alegacións no prazo de 10 días dende a súa publicación. Vistas ditas alegacións e, no seu caso, a documentación achegada confeccionarase a lista definitiva de admitidos ordenándoa de maior a menor puntuación. No caso de empate, o desempate se realizará tendo en conta que solicitude obtivo unha maior puntuación nos criterios C1, C2 e C4, respectivamente

Terceiro: Que se publique a presente providencia no Taboleiro e no Perfil do Contratante do Concello de Ponte Caldelas.

Mándaos e asínaos o Sr. Alcalde, D. Perfecto Rodríguez Muíños, en Ponte Caldelas, a 14 de xullo de 2014, do que, como Secretario, dou fe.



Alcalde,

Asdo. Perfecto Rodríguez Muíños



Secretario,

Asdo. Jacobo Barreiro Pimentel